

sogama



Xacobeo
2027

PROGRAMA DE ATENCIÓN A VISITAS

GRUPOS DE VISITAS SOCIAIS E TÉCNICAS



1

DESTINATARIOS DAS VISITAS SOCIAIS E TÉCNICAS →

O Programa de atención a visitas de Sogama pon ao dispor das persoas interesadas a posibilidade de realizar unha visita en grupo ao Complexo Ambiental de Cerceda (A Coruña), adaptada ao perfil dos solicitantes.

As visitas sociais e técnicas están dirixidas a grupos de persoas a partir de 18 anos de idade, tales como:

Colectivos veciñais, culturais e sociais



Estudantes de Formación Profesional de Grao Superior



Estudantes universitarios e de posgrao



Profesionais de empresas e administracións públicas



Delegacións estranxeiras



2

OBXECTIVOS



O Programa
de atención a
grupos de visitas
sociais e técnicas
ten como
obxectivos:



- **Ampliar os niveis de coñecemento de Sogama** entre a cidadanía, explicando a súa actividade e o funcionamento das instalacións.
- **Promover actitudes persoais máis respectuosas coa contorna**, fomentando a protección do medio natural e o desenvolvemento sostible.
- **Motivar á poboación para a adopción de boas prácticas** en relación á separación en orixe dos residuos e o seu depósito nos distintos contedores existentes para a súa recollida selectiva e posterior reciclaxe.
- **Sensibilizar na importancia do consumo responsable e a redución da produción de residuos**, poñendo exemplos prácticos sobre desperdicio alimentario, reparación de obxectos, doazón solidaria...
- **Difundir os principios da economía circular** para aproveitar ao máximo os recursos materiais dos que dispoñemos alongando o ciclo de vida dos produtos e evitando a xeración de residuos.

3


METODOLOXÍA E ESTRUTURA →

A actividade educativa está estruturada para cada tipoloxía de visita, e caracterízase pola interacción e participación activa das persoas asistentes.

A continuación, móstrase unha liña de tempo sobre a organización e duración da visita, estruturada en minutos:



Estrutura e duración da visita (155 minutos)



3

METODOLOXÍA E ESTRUTURA



Recepción do grupo na entrada do edificio de oficinas do Complexo Ambiental de Cerceda, presentación do equipo educativo e entrada na aula educativa.



Charla informativa e formativa na aula educativa a través dunha presentación dinámica de información e datos sobre as instalacións de Sogama e a súa funcionalidade, con elementos gráficos que reforzan as ideas e conceptos chave, e adaptada a cada perfil de visita e a cada nivel educativo.



3



METODOLOXÍA E ESTRUTURA



Visualización dun vídeo inmersivo 360° das instalacións do Complexo Ambiental de Cerceda, a través de lentes de realidade virtual.




Xogos con máquinas Arcade para demostrar as habilidades na separación de residuos.



3



METODOLOXÍA E ESTRUTURA



Percorrido en bus polas instalacións e, se a operativa da instalación e as características do grupo o permiten, **un percorrido a pé** para observar in situ a actividade e funcionamento da planta de recuperación de materiais da fracción resto, o laboratorio e a sala de control da planta termoeléctrica.



Peche da visita con aclaración de dúbidas, entrega dun pequeno obsequio de recordo e despedida do grupo.





Xacobeo
2027